


estratexias de animación á lectura Estratexias de animación  
á lectura estratexias de animación á lectura estratexias  
de animación á lectura **estratexias de animación**  
**á lectura** estratexias de animación á lectura  
Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



# ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



## O DESERTO DE XEO

### Obxectivos

- Espertar o interese pola lectura como fonte de información e de pracer, e conseguir o hábito lector desde o gozo da lectura e da escritura.
  - Aumentar os coñecementos dos alumnos sobre o xénero fantástico.
  - Traballar e comprender aspectos culturais a partir da obra.
- 
- Potenciar o uso da fantasía e da imaxinación ao desenvolver historias.
  - Desenvolver a capacidade de construír un discurso coherente tanto na expresión oral coma na escrita.
  - Aumentar a súa capacidade para a toma de conciencia e a reflexión sobre algúns temas.
  - Comprender discursos escritos e interpretalos cunha actitude crítica.
  - Fomentar o traballo de investigación como medio de estudo e formación.
  - Promover o traballo en equipo.



## Orientacións

Esta obra é a segunda parte da triloxía *A guerra das bruxas*, de Maite Carranza. No caso de que non se lese e non se traballase a primeira parte, *O clan da loba*, é aconsellable ver se algunhas das estratexias de animación poden ser útiles para situar a obra. Aconséllase mirar as referidas aos clans e ás profecías.

A maior parte das actividades propostas pode traballarse a distintos niveis de afondamento, en función da idade e do ciclo que cursen os alumnos, así como das súas características.

## ACTIVIDADE 1

(Previa á lectura): **O XÉNERO FANTÁSTICO**

### Obxectivos

- Motivar os alumnos para a lectura do libro.
- Aumentar os coñecementos dos alumnos sobre o xénero fantástico.
- Potenciar o uso da fantasía e da imaxinación ao desenvolver historias.
- Potenciar a expresión escrita.
- Usar de forma reflexiva e rigorosa as normas de corrección ortográfica e sintáctica.
- Desenvolver a capacidade de construír un discurso coherente na expresión oral.
- Promover o traballo en equipo.

### Descrición

A actividade consiste en inventar, en grupos de tres ou catro persoas, unha pequena historia fantástica, que pode ter forma de conto, de cómic, de relato breve..., dependendo do interese do profesor/a, en función das formas que se traballasen ata ese momento.

A intención nesta actividade é que desenvolvan un relato baseado no irreal, no imaxinario, no sobrenatural..., e que teña coherencia interna.

Para iniciar esta actividade podería resultar interesante buscaren, entre todos, posibles temas para a creación da historia fantástica.

Posteriormente, cada grupo escollerá un representante que lerá a historia creada. O resto da clase, coa guía do profesor ou profesora, valorará de forma oral se é, ou non, un relato fantástico e por que.

### Orientacións

Antes de realizar esta actividade, débense traballar as características do xénero fantástico na clase.

É importante diferenciar o xénero fantástico da ciencia-ficción ou do terror, xa que estes últimos son subxéneros e non son adecuados para contextualizar *O deserto de xeo*.



Nas estratexias de animación á lectura de *O clan da loba*, a actividade 2 traballa este mesmo concepto. Pode ser interesante, como traballo previo á realización da actividade que propoñemos aquí, realizar o punto 1 e mais o 2, para logo poder extraer as características máis importantes da literatura fantástica.

Unha actividade complementaria pode ser trasladar o xénero fantástico a outros ámbitos artísticos, como pode ser a pintura (un bo exemplo é a mitoloxía).

## ACTIVIDADE 2

(Previa á lectura): **AS BRUXAS**

### Obxectivos

- Motivar os alumnos para a lectura do libro, a través da intención da autora ao escribilo.
- Contextualizar a obra tematicamente.
- Comprender discursos escritos e interpretalos cunha actitude crítica.
- Aumentar a súa capacidade para a toma de conciencia e a reflexión sobre algúns temas.
- Traballar e comprender aspectos culturais a partir da obra.
- Utilizar as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, a selección e a organización da información.
- Promover a aprendizaxe construtiva.
- Fomentar o traballo en equipo.

6

### Descrición

«...E quizais é isto o que quería reivindicar: as historias de bruxas de verdade, mulleres que viviron perseguidas e foron consideradas perigosas porque dominaban aspectos da natureza (curar, o segredo dos partos, o poder das herbas, o valor das pedras...) que os homes ignoraban.

E é que as bruxas, xulgadas por actos de bruxaría, queimadas ou aforcadas ao longo do século XVI e do XVII, foron mulleres do pobo acusadas de provocar inundacións, secas e sarabiadas, de invocar enfermidades como a peste e de causarlles a morte aos acabados de nacer. De aí, a imaxe malévola da bruxa que, por outra banda, é sabido que sandaba as enfermidades con herbas curativas, preparaba apócemas amorosas e facía os traballos das comadroas. Estes son os perfís das nosas bruxas populares recollidos por Caro Baroja.»

**Tradución e adaptación de Maite Carranza en [www.laguerradelasbrujas.com](http://www.laguerradelasbrujas.com)**

A partir destas palabras, trátase de pensar e de analizar, entre todos, o mundo das bruxas e que é o que a autora quixo dicir.

A actividade ten diferentes etapas.

Nunha primeira etapa, o grupo clase deberá facer unha listaxe do que para eles define o que é unha bruxa (fea, mala, vasoira, verruga, poderes sobrenaturais, vella...) e chegarase, así, á imaxe estereotipada da bruxa.

Nunha segunda etapa, e en grupos de tres alumnos, deberán buscar información e facer un pequeno traballo de investigación sobre as bruxas «de verdade» a través dos medios que teñan ao seu alcance: Internet, enciclopedias..., para coñecer un tema que lles é alleo.

Na terceira etapa, e de novo co grupo clase, veremos as diferenzas que podemos atopar entre os estereotipos das bruxas que eles mesmos definiron na primeira etapa da actividade e as bruxas «de verdade» que define a autora e que eles mesmos descubriron no seu pequeno traballo de investigación.

Finalmente, co mesmo grupo co que realizaron o traballo de investigación, deberán buscar as definicións do libro sobre as nosas bruxas protagonistas e contrastalas cos estereotipos de bruxa que saíron. Deberán contestar a seguinte pregunta: a partir das palabras da autora, que tipo de bruxa cres que protagoniza o libro de Maite Carranza?

## Orientacións

7

Esta é unha actividade moi ampla e que pode dar moito de si, en función dos intereses dos alumnos e do profesor ou profesora, así como do tempo que se lle poida dedicar.

Hai, ademais, actividades complementarias en función do ciclo de Secundaria que estean cursando os alumnos. Para alumnos de primeiro ciclo, pode ser interesante para ambientar o libro ver algunha película e analizar que tipo de bruxas a protagonizan e se se axustan, ou non, ao que a autora nos dixo. Algúns filmes útiles para este fin, malia que pode haber moitos outros, son:

- **O Crisol**, de *Nicholas Hytner*
- **Embruxada**, de *Nora Ephron*
- **Willow**, de *Ron Howard*

Para alumnos de segundo ciclo de Secundaria, especialmente para os de 4.º da ESO, e tendo en conta as características do grupo clase, podería realizarse unha actividade máis reflexiva a partir do debate ou da análise das ideas de diferentes estudosos sobre a bruxaría ou sobre lendas; poderíase facer un foro sobre a bruxaría. O profesor ou profesora debería escoller distintos fragmentos que crese oportunos para presentar e debater ou analizar.

Aquí propoñemos os seguintes fragmentos:

«...O certo é que nos séculos XIV e XV, época de miserias colectivas, de pestes, de catástrofes..., a poboación está sumida nun momento de angustia e obsérvase un aumento de acusacións de bruxaría. Por que? Había que buscar uns culpables, atopar unhas persoas ou grupos para os utilizar como cabezas visibles que pagasen as culpas polos excesos ocasionados pola clase dominadora.»

(Fragmento traducido e adaptado de  
[http://club.telepolis.com/meugenia1/el\\_origen.htm#diana](http://club.telepolis.com/meugenia1/el_origen.htm#diana))

«A crenza na Maxia, no pensamento máxico, é para moitos autores, como A. L. Kroeber en *Anthropology*, un índice cultural, é dicir, canto máis se admita a realidade obxectiva dos feitos máxicos, máis atrasado se considera que está un pobo, unha sociedade (Julio Caro Baroja en *As Bruxas e o seu mundo*). Eu diría que máis vivas manteñen as tradicións culturais prehistóricas. Os pobos celtas, os xermanos, as sociedades que habitaron as estepas e os climas fríos, viven nun medio hostil. Son xentes que chegaron a Europa, procedentes de África, hai uns 40.000 anos. Nun principio colonízanse as rexións de mellores climas; as tribos que non poden optar a estes territorios desprázanse cara ao interior do continente europeo. Mentres tanto, nas zonas de clima favorable aparece a agricultura, xorden os poboados e comeza unha civilización urbana, xorde a escritura, a navegación e o intercambio comercial na ribeira do Mediterráneo... A revolución intelectual grega desposuíu o home mediterráneo do culto comunitario paleolítico, do culto aos “misterios”. O home que quedou illado no interior do continente continúa coas súas crenzas primitivas, cos seus ritos máxicos, que impregnan durante un tempo superior a mente destes pobos.»

(Fragmento traducido e adaptado de  
<http://club.telepolis.com/meugenia1/conceptos.htm>)



## ACTIVIDADE 3

(Durante a lectura): **VOCABULARIO DO FANTÁSTICO**

### Obxectivos

- Extraer información concreta dun texto literario.
- Ampliar o vocabulario sobre o mundo máxico e fantástico.
- Valorar o uso da linguaxe.
- Promover unha lectura activa.

### Descrición

De forma individual, mentres van lendo o libro, os alumnos deberán ir escribir unha listaxe co vocabulario específico do mundo máxico das bruxas.

Esta actividade complementase logo cunha posta en común. As palabras que sexan máis votadas (e tamén, se é necesario, algunha palabra moi representativa que saíse menos veces, pero que o profesor ou profesora considere importante) deberán recollerse nun mural ou nun informe, con cadansúa definición e/ou cun debuxo.

9

### Orientacións

Ao ser unha actividade que se debe realizar a medida que van lendo o libro, cómpre explicarlles ben aos alumnos que é o que queremos que recollan. Neste sentido, o que pretende esta actividade é recoller vocabulario específico do mundo fantástico, e non personaxes da novela.

A elección do mural ou do informe realizarase en función do ciclo que cursen os alumnos: se son alumnos de primeiro ciclo, pode ser máis adecuado plasmar toda a información nun mural; en cambio, se os alumnos son de segundo ciclo, pode resultar máis interesante crear entre todos un informe de vocabulario específico que quede como traballo grupal de clase.

## ACTIVIDADE 4

(Durante a lectura): **OS ESCENARIOS**

### Obxectivos

- Contextualizar espacialmente a obra.
- Aumentar as súas capacidades espaciais.
- Fomentar as súas habilidades para orientarse e interpretar un mapa xeográfico.
- Espertar o interese pola lectura como fonte de información.
- Traballar e comprender aspectos culturais a partir da obra.
- Utilizar as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, a selección e a organización da información.
- Promover unha lectura activa.
- Fomentar o traballo en equipo.

### Descrición

10

A historia que nos conta Maite Carranza en *O deserto de xeo* non transcorre nun só escenario, xa que os nosos protagonistas fan unha dobre viaxe: unha, a que protagonizan Selene e mais a súa filla Anaíd; e outra, a que protagonizaron no pasado Selene e Gunnar.

Durante a lectura do libro, os alumnos deben facer o itinerario desta última viaxe, a que protagonizan Selene e Gunnar.

Posteriormente, ao acabar a lectura do libro, poñerase en común o itinerario da viaxe. Despois repartiranse os escenarios entre os grupos, de tres ou catro persoas como máximo, e cada grupo deberá buscar información sobre o lugar.

Este pequeno traballo deberá responder ao seguinte esquema:

- Localízao nun mapa. A que país pertence? A que continente?
- Indica as súas características xeográficas: clima, paisaxe, cidade ou vila, na costa ou no interior...
- Busca fotografías que representen o escenario ou o lugar.
- Busca que capítulos da historia transcorren nese escenario.
- Como o describe a autora? Copia os fragmentos.



Este traballo, realizado en pequenos grupos, deberá converterse nun traballo-mural do grupo clase, no que queden reflectidos os diferentes escenarios da obra.

## Orientacións

Cando a actividade implica a realización dun mural, este debe ser entendido como unha exposición daquilo que se traballa e non tanto como unha realización colectiva (máis propio de Primaria ou de primeiro ciclo de Secundaria). Así, a proposta é amosar o traballo realizado e darlle un contido global.

## ACTIVIDADE 5

(Despois da lectura):

### PODERÍA ESTA HISTORIA ESTAR PROTAGONIZADA POR BRUXOS?

#### Obxectivos

- Coñecer o punto de partida da autora ao escribir este libro.
- Comprender ideas non-formuladas explicitamente.
- Desenvolver a capacidade de construír un discurso coherente.
- Aumentar a súa capacidade para a toma de conciencia e a reflexión sobre algúns temas.
- Planificar e realizar un debate.
- Promover o traballo en equipo.

#### Descrición

As bruxas de *O deserto de xeo* son iso: bruxas, e non «meigas». A autora na páxina web dinos:

«Seducíame igualmente a idea da antropóloga Margaret Murray, que defendía a subsistencia de antigas sociedades matriarcais –nunca demostradas– deste primitivo poder das mulleres consideradas bruxas que invocan á lúa e lle renden homenaxe e culto a Diana. Elas, as bruxas, conservan na espiritualidade feminina un antigo poder vinculado, por razón de sexo, á natureza, á xestación e á vida. De aí a súa forza, de aí o seu misticismo. Unha idea romántica e sedutora como todas as que alimentaron o mito das sereas e das amazonas. Unha idea para fundamentar a lenda.»

**Tradución e adaptación de Maite Carranza en [www.laguerradelasbrujas.com](http://www.laguerradelasbrujas.com)**

Nace, así pois, unha obra protagonizada por mulleres, por desexo expreso da súa autora. Pero, podería esta historia estar protagonizada por homes?

Os alumnos dividiranse en grupos de tres e intentarán darlle unha resposta razoada a esta pregunta.

Cando cada grupo se poña de acordo na súa resposta, realizarase un debate ao respecto.



## Orientacións

En caso de realizar esa actividade no segundo ciclo e se o grupo o permite e están afeitos a realizar debates, pode ser interesante e enriquecedor que o moderador/a sexa un dos alumnos.

## ACTIVIDADE 6

(Despois da lectura): **CONCURSO DAS PROFECÍAS**

### Obxectivos

- Traballar as profecías, como elemento importante da triloxía.
- Motivar o alumnado no traballo posterior á lectura do libro.
- Promover o traballo en equipo.

### Descrición

Nesta actividade os alumnos deberán recompoñer por parellas, sen teren o libro diante e nun tempo limitado, as profecías que aparecen nel; sairá así unha parella vencedora desta actividade-xogo. Así pois, entregáraselle un sobre cos fragmentos das profecías a cada parella.

A modo de exemplo, estes son uns posibles fragmentos da profecía de Trébora e da de Om (cada fragmento proposto está nunha cor).

14

### A Profecía de Trébora

Ouro nobre de sabias palabras labrado,  
destinado ás mans que aínda non naceron,  
triste exiliado do mundo pola nai O.

Ela así o quixo. Ela así o decidiu.  
Permanecerás oculto nas profundidades da terra,  
ata que os ceos refulxan e os astros inicien o seu camiño.

Entón, e só entón, a terra expulsarate das súas entrañas,  
acudirás obediente á súa man branca e unxirala de vermello.

Lume e sangue, inseparables, no cetro de poder da nai O.  
Lume e sangue para a elixida, que posuirá o cetro.  
Sangue e lume para a elixida, que será posuída polo cetro.

O cetro de O gobernará as descendentes de O.

## A Profecía de Om

Verá a luz no inferno conxelado,  
onde os mares se confunden co firmamento,  
e medrará no espiñazo da terra,  
onde os cumes rozan os astros.

Alimentarase da forza da osa,  
medrará baixo o manto cálido da foca  
impregnándose da sabedoría da loba  
e, finalmente, deberase á astucia da raposa.

A elixida, filla da terra, xurdirá da terra  
que a amará e a acollerá no seu seo.  
Prisioneira da súa calor, permanecerá cega e xorda,  
arrolada polas nais escuras  
e arroupada nas súas dulces mentiras.

### Orientacións

15

Suxírese aquí esta actividade porque se considera un elemento importante que se debe traballar nas tres obras da triloxía, malia que, como se salientou nas orientacións xerais, nas estratexias de animación á lectura de *O clan da loba* hai unha actividade, a número 4, que traballa tamén este concepto. Así pois, aquí preséntase a modo de resumo e de forma moi lúdica, para que sirva como recordatorio e para non perder de vista a súa importancia no desenvolvemento da historia.

Se non se leu o primeiro libro e non se quere realizar a actividade recollida nas estratexias de *O clan da Loba*, sería conveniente facer unha breve explicación sobre que é unha profecía.

Na web [www.laguerradelasbrujas.com](http://www.laguerradelasbrujas.com) atópanse as outras dúas profecías. O exemplo de fragmentación que se deu é tan só un dos posibles. En función do grupo ao que se lle presente esta actividade, pódese aumentar ou diminuír a dificultade variando a fragmentación (se fragmentamos por versos ten un nivel de dificultade maior).

## ACTIVIDADE 7

(Despois da lectura): **A LINGUAXE DOS INUITS**

### Obxectivos

- Valorar a adaptación da linguaxe a o medio.
- Traballar e comprender aspectos culturais a partir da obra.
- Interese pola lectura como fonte de información e de pracer.
- Aumentar a súa capacidade para a toma de conciencia e a reflexión sobre algúns temas.
- Desenvolver a capacidade de construír un discurso coherente.
- Planificar e realizar un debate.

### Descrición

Nesta actividade realizarase un foro de diálogo ou debate co grupo clase despois de ler os seguintes fragmentos:

«—É un branco distinto do noso propio branco.

—Cada estación, cada accidente xeográfico e cada hora do día permite que o branco sexa diferente.

Sinaleille a imponente cima de Gunnbjorn Fjeld, que, cos seus catro mil metros, coroaba emblematicamente a costa leste, e quíxenlle explicar que tiña unha tonalidade diferente, pero faltáronme os adxectivos.

—Fáltanme palabras para me referir aos distintos matices da cor branca.

—Os inuits posúen esas palabras. Teñen arredor de mil distintivos da cor branca.»

*Maite Carranza*

**O deserto de xeo**

Ed. Rodeira, páxs. 286-287

*«A linguaxe constitúe unha das principais vantaxes adaptativas que distingue o Homo sapiens doutras especies e foi parcialmente responsable do éxito evolutivo dos humanos.»*

Tradución e adaptación de *Phillip Kottak, C.*

**Antropología, Una exploración de la diversidad humana.**

Ed. Mc Graw Hill, páx. 396





A partir destes dous fragmentos formularanse as seguintes cuestións:

- Por que os inuits teñen tantas palabras para definir o branco e nós só unha?
- Cres que ten algo que ver o seu hábitat? Por que?
- Que quere dicir que a linguaxe é unha vantaxe adaptativa do ser humano?

Ao finalizar a actividade, cada alumno/a, ou por parellas, deberá entregar un escrito coas cuestións formuladas e coas conclusións ás que se chegou no foro de diálogo.

## Orientacións

Este foro-debate estará guiado polo profesor ou profesora, pero buscarase un alumno/a para que realice a función de secretario/a e terá a responsabilidade de dar a quenda de palabra e de poñer orde no debate.

## ACTIVIDADE 8

(Despois da lectura): **EXERCENDO DE CRÍTICO LITERARIO**

### Obxectivos

- Interpretar e valorar o contido e a forma do texto tendo en conta os coñecementos propios e a opinión persoal.
- Redactar un comentario escrito sobre unha obra completa.
- Potenciar a expresión escrita.
- Usar de forma reflexiva e rigorosa as normas de corrección ortográfica e sintáctica.
- Expoñer oralmente o comentario sobre unha obra literaria completa.
- Recoñecer formas de expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo e argumentativo.

### Descrición

Neste exercicio traballaremos a figura do crítico literario.

Se entendemos que a crítica literaria consiste nun exercicio de análise e de valoración razoada dunha obra, pediráselles aos alumnos que escriban unha crítica literaria de *O deserto de xeo*. Para que poidan realizar o exercicio, mostraráselles diferentes exemplos de crítica literaria, que serán comentados polo profesor ou profesora, de xeito que veremos que elementos deben ter en conta: a súa opinión persoal sobre a trama, os personaxes, a linguaxe utilizada, a orixinalidade...

Posteriormente, leranse as diferentes críticas e pasarase a analizar se teñen diferenzas, cales son..., para chegar a debater sobre a subxectividade, ou non, das críticas literarias.

### Orientacións

Este traballo realizarase de forma individual. Pode utilizarse como actividade de avaliación.

Exemplos de crítica literaria que se poden utilizar para lles presentar aos alumnos:

## Rede Lectura

Compartindo libros e lecturas

19/02/09

### ADIVIÑANDO ... ADIVIÑANDO...

Aquí, Gloria Sánchez; aquí, adiviñas!

"Un verde fogón,  
que fixo: "¡Atchiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiii!"  
queimou o pano  
do nariz.

Ten escamas  
e peixe non é.

Ten gadoupas con coitelos,  
un rabo longo con punta  
e unha crista de carelo.

¿Paparí o moi babeco  
a bombona de butano?

¡A-a-a-at-----  
chissssssss!

¡Ale! ¡Todo o conto  
chamuscado!"



*Adiviñas monstruosas* de Gloria Sánchez, con ilustracións de Purificación Hernández.

As adiviñas poden ser as estrelas da literatura de tradición oral, pero non só. Ao lado dos moitos libros que recompilan as adiviñas que foron de boca en boca, hai outros tantos nos que diferentes autores as crearon para lección dos pequenos e pequenas, aos que tamén lles encanta inventalas.

Entre as autoras de adiviñas, Gloria Sánchez podería ter recollido máis dun premio. Lembremos as 303 adiviñas, publicadas en *Xerais*, con ilustracións de Pablo Otero "Peixe", ou leamos agora estas outras, que chegan da man de Rodeira na colección Tucán. Coa creatividade que a caracteriza e eses grans de humor salpresando os versos, a sorpresa coa que nos pilla unha e outra vez e a intelixencia coa que nos trata...

*Publicado por Asesoría Bibliotecas Escolares en 9:51*  
*Etiquetas: adiviñas, Adiviñas monstruosas, Colección Tucán,*  
*Gloria Sánchez, Purificación Hernández, Rodeira*



Abrimos un espazo para compartir lecturas e libros. Á vista da falta de tempo que temos tod@s, comentar os libros que imos lendo, ou que xa coñecemos ben e sabemos que "funcionan" na biblioteca, pode ser de gran axuda: unha forma de ir construindo a rede, neste caso, a Rede Lectura. comezamos cunha proposta temática, pero calquera lector/lectora pode propor un título. Abriríamos un espazo para ese libro e para os comentarios oportunos.



Adiviñas monstruosas, Gloria Sánchez

<http://relectura.blogspot.com/2009/02/adivinando-adivinando.html>

## CHAMANDO ÁS PORTAS DO CEO

Un Taj Mahal con aromas de cine

Jordi Sierra i Fabra. *Chamando ás portas do ceo*.

Colección Periscopio. Editorial Rodeira. A Coruña, 2006. A partir de 15 anos.

Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1974) é un autor que ten a virtude de se documentar. E ten tamén outra virtude: a documentación, as viaxes, non se notan no resultado literario, pero están sutilmente introducidas. Autor de oficio, pois, é capaz de se superar a si mesmo en madurez, sobre todo porque non deixou nunca de ser sincero co que quere facer e co que quere dicir, e porque esta sinceridade llela transmitiu sen enganar aos lectores.

A pesar do groso de obras publicadas polo autor, un non perde o risco de afirmar que *Chamando ás portas do ceo* é unha das súas mellores novelas e unha das que el mesmo debe estar máis satisfeito. E non só porque obtivo o premio Edebé de Literatura xuvenil, senón porque se intúe que lle dedicou toda a súa destreza nunha dosificación da trama que marca unha liña ascendente sen caída.

Estruturada en tres partes, a novela transporta o lector ao misterioso mundo da India da man dunha moza cooperante, estudante de medicina. E aquilo que podería derivar cara a unha aventura xuvenil nun espazo e nun tempo iniciáticos convértese nun triángulo amoroso e de atracción non-confirmado nunca polos mesmos implicados, con aromas de *As mil e unha noites* e, sobre todo, con chiscadelas cinematográficas, desde a clásica *Pasaxe á India*, de David Lean, á recente *Auga* de Deepa Meth.

Si, resulta que *Chamando ás portas do ceo* é tan fácil de adaptar ao cine que parece que o guión xa estea realizado. Porque se le en imaxes, en planos cinematográficos, en fotogramas. E non me estrañaría que o autor xa a crease tamén como guión porque, no epílogo, el mesmo confesa: «O guión forma parte dun experimento literario ao que lle chamei RMK». Jordi Sierra i Fabra consegue un clima de fantasía romántica que leva ao límite, pero sen que se lle vaia das mans. Que lonxe está esta trama dunha telenovela sen consistencia nin orixinalidade! Que cerca, en cambio, dunha boa obra literaria que arrinca, por sorte para eles, nunha colección para rapaces, pero que ten todos os atributos para que lles interese tamén a lectores veteranos.

Tradución e adaptación do artigo de Andreu Sotorra,  
*Diari Avui*, 7 de xuño do 2006